

ESTATUTOS DO COLEXIO

TÍTULO I

CAPÍTULO I

Do Colexio de Avogados de Santiago

Artigo 1. O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela é unha Corporación de dereito público, ó abeiro da Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 2. O seu ámbito territorial abrangue a circunscrición dos Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción desta cidade de Santiago de Compostela.

Artigo 3. Dentro do seu ámbito territorial ten coma fin esencial a ordenación do exercicio da profesión, a representación exclusiva da mesma, a defensa dos intereses profesionais dis Colexiados, o cumprimento da función social que corresponde á Avogacía, e a colaboración na promoción e na administración da Xustiza.

As súas funcións son as establecidas no artigo 431 do Estatuto Xeral da Avogacía Española, e as demais xa dispostas ou que lexislativamente se dispoñan.

Artigo 4. O Colexio terá o tratamento de Ilustre, e o seu Decano o de Ilustrísimo Señor. Estes tratamentos terán carácter vitalicio. O Decano terá a consideración honorífica de Maxistrado.

Artigo 5. O Colexio rexerese polo Estatuto Xeral da Avogacía Española, polos presentes Estatutos, polos Regulamentos de réxime interior que se elaboren e máis polos acordos do Consello Xeral da Avogacía e da Asemblea de Decanos, en conformidade co artigo 21, punto 5, do Estatuto Xeral.

Artigo 6. O Colexio, para mellor cumprimento dos seus fins, poderá establecer, por acordo da Xunta de Goberno, delegacións nas comarcas nas que así o requiran os intereses profesionais..

Artigo 7. O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela colócase so a advocación de San Raimundo de Peñafort.

DOS AVOGADOS

Sección Primeira

Disposicións Xerais

Artigo 8. A avogacía é unha profesión libre e independente e institución consagrada, en orde a xustiza, ó consello, á concordia e a defensa de dereitos e intereses públicos e privados, mediante a aplicación da ciencia e da técnica xurídicas-

Artigo 9. Corresponde á Avogacía de maneira exclusiva e excluín-te a protección de tódolos intereses que sexan susceptibles de defensa xurídica.

Artigo 10. O Colexio, dentro do seu ámbito, velará, cos medios legais ó seu alcance, por que as Leis e as disposicións administrativas eliminen os impedimentos que en calquera clase de asuntos se opoñan á intervención dos Avogados.

Artigo 11. Só poden utiliza-la denominación de Avogados aqueles que o sexan por estaren incorporados a un Colexio como en exercicio.

Tamén se poderá pertencer a un Colexio en calidade de non exercinte cos dereitos que establece o Estatuto Xeral da Avogacía Española.

Artigo 12. Poderán existir e nomearse Colexiados de Honra, por acordo da Xunta Xeral a proposta da Xunta de Goberno, en atención a méritos ou servizos prestados de maneira relevante en favor da profesión en Xeral ou deste Ilustre Colexio en particular.

Sección Segunda

Capacidade. Incorporacións e Baixas

Artigo 13. Para a incorporación a este Ilustre Colexio deberanse cumprir os requisitos e aporta-los xustificantes seguintes::

- a) Ser de nacionalidade española, salvo dispensa legal debidamente acreditada.
- b) Ser maior de idade.
- c) Estar en posesión do título de Licenciado en Dereito.
- d) Carecer de antecedentes penais que o inhabiliten para o exercicio da profesión.
- e) Paga-la cota de ingreso establecida ou que se estableza por este Ilustre Colexio, e formaliza-la alta na Mutualidade Xeral de Previsión da Avogacía, acompañando a solicitude subsrita polo interesado, sempre que o ingreso nela sexa obrigatorio para o solicitante.
- f) A alta no Imposto de Actividades Económicas nos casos en que legalmente proceda, se a incorporación se fai con carácter de exercinte.
- g) Certificación do Consello Xeral da Avogacía.

h) Declaración xurada do solicitante na que manifestará se exerce ou non función ou emprego .na Administración, expresando en caso afirmativo a natureza e a categoría da súa función ou emprego, e non estar incurso en incompatibilidade; sen prexuízo das comprobacións que conforme ó artigo 19 do Estatuto Xeral da Avogacía poida acordala Xunta de Goberno.

Artigo 14. Os que pretendan ingresar neste Ilustre Colexio deberán presenta-la correspondente solicitude, xunto cos documentos xustificativos dos puntos expostos no artigo anterior.

Tamén sinalará un domicilio dentro do territorio xurisdiccional do Colexio, a efectos de comunicacións, designando unha conta nunha Entidade bancaria para cobro das cotas ordinarias ou extraordinarias acordadas pola Xunta de Goberno.

Artigo 15. Son circunstancias determinantes da incapacidade para o exercicio da Avogacía as enumeradas no artigo 17 do Estatuto Xeral da Avogacía Española.

Artigo 16.1. Corresponde á Xunta de Goberno resolver sobre as solicitudes de incorporación ó Colexio, e non se poderá denega-lo ingreso nel a quen reúna as condicións de aptitude e non estea incurso nalgún dos impedimentos establecidos polo Estatuto Xeral.

2. A Xunta de Goberno practicará as dilixencias e recibirá os informes que considere oportunos, incluso sobre existencia ou inexistencia de incompatibilidades cando na declaración do número 7 do artigo 15 do Estatuto Xeral se fixese constar o exercicio de función ou emprego na Administración, ou se a Xunta ten dúbidas encol diso.

Artigo 17. As solicitudes de incorporación serán admitidas, suspendidas ou denegadas, e nestes dous últimos supostos a resolución será fundamentada.

Os trámites e as motivacións son os que se concretan nos artigos 18.2 e 19 do Estatuto Xeral.

Artigo 18. Non se precisará a incorporación para a defensa de asuntos propios ou de parentes dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo de afinidade, se o interesado ten capacidade legal para o exercicio da profesión.

Os que estean neste caso serán habilitados polo Decano do Colexio para a intervención que se solicite. Esta habilitación supoñerá, para quen a reciba, o gozar de tódolos dereitos concedidos, en xeral, ós Avogados, e a asunción das obrigas correlativas, aínda que só para o asunto ou os asuntos que abrangue.

Artigo 19. A incorporación ou a habilitación xustificada mediante a certificación ou o oficio do Colexio acreditará o Avogado como tal, sen que se precise designación ou nomeamento ningún por parte do Poder Xudicial ou da Administración Pública.

Artigo 20. Para o exercicio da profesión no ámbito territorial deste Ilustre Colexio precisarase a alta no mesmo como tal Letrado exercinte, agás nos supostos do artigo 18 deste Estatuto e do 22 do Estatuto Xeral.

Artigo 21. O Secretario do Colexio remitirá, a primeiros de cada ano, ós Xulgados do seu territorio e máis ós Xefes de Prisión ou Centros de Detención unha relación comprensiva de tódolos Avogados que legalmente poidan exercer-la profesión. A esa lista engadiranse mensualmente as modificación por novas altas e baixas.

Artigo 22. Os Avogados que non figuren nesas listas esixiráselles polas Secretarías dos Xulgados que mostren certificación de estaren incorporados ó Colexio, e cando proceda, o recibo do correspondente Imposto de Actividades Económicas. Se non os presentasen o Xulgado ou Tribunal perante o que pretenderen actuar privaraos do exercicio, e dará conta rapidamente ó Colexio de Avogados.

Artigo 23. Todo avogado poderá estar incorporado a cantos Colexios desexe, mediante o cumprimento dos requisitos sinalados e o pagamento das cotas colexiais correspondentes.

A solicitude na que formalice a súa petición de incorporación a outro Colexio deberá ir acompañada das dúas certificacións seguintes:

a) Do Colexio de procedencia, acreditando que está inscrito no mesmo e ó día no levantamento de cargas colexiais.

b) Do Consello Xeral da Avogacía acreditando que non figura coma dado de baixa por falta de pagamento en ningún Colexio de Avogados de España, e que non foi obxecto de corrección disciplinaria ningunha ou, se foi, especificando cal foi.

Artigo 24. 1. Perderase a condición de colexiado:

a) Por deixar de pagar, nos prazos sinalados, tanto as cotas ordinarias ou extraordinarias coma as demais cargas colexiais a que estivese obrigado por acordo da Xunta de Goberno ou, dado o caso, da Xunta Xeral Extraordinaria, e mailas da Mutualidade Xeral de Previsión da Avogacía.

b) Por condena firme que leve consigo a accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

c) por expulsión do Colexio, acordada en expediente disciplinario.

d) por baixa voluntaria.

2. En todo caso, a perda da condición de colexiado polas causas expresadas nos apartados a), b) e c) do número anterior deberán ser comunicadas por escrito ó interesado, momento no que terán efectividade.
3. As baixas polas causas anteditas comunicaranse ó Consello Xeral.
4. No caso de apartado a), os colexiados poderán rehabilita-los seus dereitos pagando o adebado maila cantidade que corresponda como nova incorporación.
5. Os Xuíces e os Tribunais remitirán ó Consello Xeral da Avogacía Española e máis a este Ilustre Colexio de Avogados copia autorizada dos autos de procesamento, sentencias condenatorias, e en Xeral, calquera resolución que leve implícita a inhabilitación ou a suspensión profesional do avogado.
6. A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio acordará o pase a situación de non exercintes daqueles colexiados nos que conorra algunha das circunstancias determinantes de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio profesional mentres aquela subsista, sen prexuízo de que, se houbese lugar, resolva o procedente na vía disciplinaria.

Sección Terceira Incompatibilidades

Artigo 25. As incompatibilidades para o exercicio da profesión no ámbito territorial deste Ilustre Colexio son as enumeradas no artigo 27 do Estatuto Xeral.

Artigo 26. O Avogado ó que afecte algunha das incompatibilidades do artigo anterior deberá comunicala sen escusa á Xunta de Goberno, cesando automaticamente no exercicio da profesión.

A infracción do deber de cesar no exercicio da profesión, así como a infracción das incompatibilidades establecidas no artigo precedente, directamente ou por persoa interposta, constituirá falta moi grave, sancionable na forma prevista no artigo 116, n 1, parágrafo b) do Estatuto Xeral.

Artigo 27. Tamén é incompatible o exercicio da Avogacía coa intervención perante os Organismos xurisdiccionais dos que sexan membros o cónxuxe ou parentes dentro do segundo grao de consanguinidade ou de afinidade, debendo o Avogado absterse da defensa que de tales asuntos puidese terlle sido encomendada.

A condición de funcionario ou empregado público é, en todo caso, incompatible co exercicio da profesión de Avogado perante os Organismos e Tribunais nos asuntos relacionados co seu Ministerio.

Artigo 28. Os colexiados non exercintes e os Licenciados en Dereito non incorporados a un Colexio de Avogados só poderán utiliza-la expresión Licenciado ou Doutor en Dereito para indica-la categoría académica que en cada caso lles corresponda.

Sección Cuarta Prohibicións

Artigo 29. Prohíbese ós Avogados:

a) O anuncio ou a difusión dos seus servizos, directamente ou por medios publicitarios, así como asinar escritos en asuntos confiados a Axencias de Negocios, Xestorías e Consultorios, ou emitir dictames gratuítas en revistas profesionais, periódicos ou medios de difusión sen autorización da Xunta de Goberno.

b) Asinar escritos ou intervir en asuntos que teñan a súa dirección xurídica atribuída a un Letrado, non inscrito no Colexio da xurisdicción na que se tramiten.

Artigo 30. A prestación de servizos profesionais ás Compañías ou Sociedades que cubran o que se chama risco xurídico só estará permitida nos termos autorizados polo artigo 32 do Estatuto Xeral.

Artigo 31. Quedalles prohibido ós Avogados encargarse da dirección dun asunto profesional encomendada anteriormente a outro compañeiro sen a venia deste, como regra de consideración.

O Avogado entrante non poderá asumi-la defensa do cliente a menos que este acredite ter pagados os honorarios do compañeiro que o defendía antes. Se a falta de pagamento fose por consideralos excesivos, o novo Letrado comunicarao á Xunta de Goberno dentro das vinte e catro horas seguintes a se facer cargo do asunto.

Neste caso, o Decano poderá autorizar ó Letrado para que actúe, pero sinalando a cantidade que o cliente debe consignar na Tesourería da Xunta, para que esta, segundo o seu criterio, atenda ó pagamento do Letrado anterior, apercibíndoo de que se non consigna a cantidade no prazo que se sinala, deberá cesar na defensa. Todo isto sen prexuízo da facultade de reclamación ou de impugnación que puidera corresponder ás partes e máis ó Letrado.

En caso de urxencia ou por causa grave, o Decano poderá autoriza-la intervención do novo Letrado no asunto de que se trate.

O incumprimento das normas anteriores será motivo de corrección disciplinaria.

Sección Quinta

Despachos colectivos

Artigo 32. Para os despachos colectivos terase en conta o previsto nos artigos 34 a 38, ambos inclusive, do Estatuto Xeral da Avogacía.

CAPÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS AVOGADOS

Sección Primeira

De carácter Xeral

Artigo 33. O deber fundamental do Avogado, como partícipe da función pública da Administración da Xustiza, é cooperar a ela defendendo os intereses que lle sexan confiados.

Artigo 34. Son tamén deberes do Avogado:

a) Cumpri-lo disposto no Estatuto Xeral, así como as decisións deste Ilustre Colexio, do Consello Xeral da Avogacía e da Asemblea de Decanos.

b) Residir e manter estudio profesional no sitio onde adoite exerce-la profesión. Sen embargo, poderase exerce-la profesión en sitio distinto da residencia, previo cumprimento dos correspondentes requisitos legais e incorporación ó Colexio respectivo, con designación de domicilio.

c) Comunicar ó Colexio os cambios de domicilio, , traslados de veciñanza e ausencias que vaian durar máis de dous meses seguidos.

Artigo 35.1. O Avogado ten o deber e o dereito de garda-lo segredo profesional. O segredo profesional imponse ó Avogado a obriga e dálle o dereito de non revelar ningún feito nin dar a coñecer ningún documento que afecten ó seu cliente e dos que tivera noticia por este en razón do exercicio profesional.

2. No caso de que o Decano, ou quen estatutariamente o substitúa, fose avisado pola Autoridade xudicial, ou, dado o caso, pola gubernativa, competente, da práctica dun rexistro no despacho profesional dun Avogado, deberá comparecer nese despacho e asistir ás dilixencias que nel se practiquen, mirando pola salvagarda do segredo profesional.

Artigo 36. O Avogado, no cumprimento da súa misión, actuará con toda liberdade e independencia, sen máis limitacións que as impostas pola Lei e polas normas da moral e da deontoloxía.

Se o Letrado entendese que o Fiscal, o compañeiro contradictor ou outra persoa non lle garda o respecto debido, poderá intervir facéndollo ver ó Xuíz ou ó Tribunal, para que este poña o remedio adecuado.

Sección Segunda

En relación co Colexio e cos demais Colexiados

Artigo 37. Son deberes do Avogado:

a) Estar ó corrente no pagamento das cotas colexiais e soportar tódalas contribución económicas de carácter fiscal, corporativo ou de calquera outra índole ás que a profesión estea suxeita, levantando as cargas comúns da maneira ou no tempo que legal ou estatutariamente se fixe, calquera que sexa a súa natureza.

Consideraranse cargas corporativas tódalas impostas polo Colexio, calquera que sexa a súa clase, así como as do Consello Xeral e as da Mutualidade Xeral de Previsión da Avogacía.

b) Denunciar perante o Colexio todo acto de intrusión que chegue ó seu coñecemento, así como os casos de exercicio ilegal, tanto por falta de colexiación como por estar suspendido ou inhabilitado o denunciado.

c) Gardar, verbo dos compañeiros de profesión, as obrigas que se deriven do espírito de irmandade que debe haber entre eles.

d) Denunciar, perante o Colexio os agravios que xurdan no exercicio profesional ou os que presencie e que afecten a calquera outro colexiado.

e) Realiza-las xestións oportunas encamiñadas a unha solución amigable, antes de asumir-la defensa da parte que litigue con outro compañeiro en asuntos tocantes ós intereses materiais ou á honra deste, dando conta á Xunta de Goberno do resultado das súas xestións, se for negativo.

f) Poñer previamente en coñecemento da Xunta de Goberno a determinación de formular demanda ou denuncia perante os Tribunais de Xustiza contra outro compañeiro por asuntos propios.

Artigo 38. Son dereitos dos Avogados:

a) Participaren na xestión corporativa e, xa que logo, exerce-lo dereito de petición, o de voto e o de acceso ós postos e cargos directivos.

O voto dos colexiados en exercicio terá dobre valor cós dos non exercintes

b) Solicitar e obter do Colexio e, dado o caso, do Consello Xeral a protección da súa lícita liberdade de actuación.

Sección Terceira

En relación cos Tribunais

Artigo 39. Son obrigas do avogado de cara ós órganos xurisdiccionais a probidade, a lealdade e a veracidade do fondo das súas declaracións ou manifestacións, e o respecto na forma da súa intervención.

Artigo 40. Comparecerá perante os Tribunais na forma e maneira que regula o artigo 49 do Estatuto Xeral, informando sentados e tendo diante de si unha mesa.

Os asentos colocaranse dentro do estrado, ó mesmo nivel en que estean instalados os do Tribunal perante o cal informan, de tal xeito que non estean de costas para o público.

Artigo 41. Se o Avogado actuante considerase que a Autoridade, Tribunal ou Xulgado coartase a independencia ou a liberdade necesaria para cumprir os seus deberes profesionais, ou que non se gardase a consideración debida ó prestixio da súa profesión, poderá facelo constar así perante o propio Xulgado ou Tribunal e dar conta á Xunta de Goberno. Esta Xunta, se considera fundada a queixa, remitirá os antecedentes do actuado ó Consello Xeral da Avogacía, para que este Organismo adopte os acordos precisos encamiñados ó debido amparo do prestixio da profesión

Sección Cuarta

En relación coas partes

Artigo 42. Son obrigas do Avogado coa parte por el defendida, ademais das que se deriven da relación contractual que existe entre eles, a do cumprimento, co meirande celo e dilixencia, e gardando o segredo profesional, da misión de defensa que lle for encomendada.

Artigo 43. O Avogado realizará dilixentemente as actividades que lle impoña a defensa do asunto que lle for confiado.

Poderá valerse, para a práctica de tales actividades, dos seus colaboradores e doutros compañeiros.

Artigo 44. Son obrigas do Avogado verbo da parte contraria absterse de calquera acto ou omisión que determine unha lesión inxusta, e o trato considerado e cortés en cada caso.

Sección Quinta

Tocante ós honorarios

Artigo 45. O Avogado ten dereito a unha compensación económica polos servizos prestados, que poderá asumir a forma de retribución periódica no caso de desempeño permanente de función. Queda prohibido expresamente o pacto de cota litis.

A retribución económica fixarase en concepto de honorarios e non estará, xa que logo, sometida a arancel.

O Colexio poderá publicar normas orientadoras. Estas, se houber acordo cos demais Colexios de Galicia, poderán ser únicas para toda a rexión.

A Xunta de Goberno poderá adoptar medidas, mesmo disciplinarias, contra os Letrados que habitualmente ou temerariamente impugnen as minutas dos seus compañeiros.

Artigo 46. A fin de evitar, no que se poida, as impugnacións xudiciais de honorarios, deberán adoptarse as seguintes normas:

10. O Avogado que obtiver a condena en costas a favor do seu cliente, antes de proceder a instar xudicialmente o cobro, deberá comunica-la súa minuta ó Letrado do condenado en costas, interesando a súa conformidade e pagamento.

20. O requirido contestará no prazo de oito días, dando ou non a súa conformidade. Se houber discrepancia, dará as razóns dela.

30. De non acadarse un acordo, ambos Letrados, conxuntamente ou individualmente, poderán interesa-lo dictame da Xunta de Goberno, que deberá emitilo no prazo de quince días, durante o cal non se instará a vía xudicial, tanto se o dictame fose interesado polos dous Letrados, como por un só deles, con coñecemento do outro.

40. O incumprimento das normas 10 e 20 dará lugar a que o Letrado que incumpra o trámite respectivo cargue co pago de tódolos dereitos e emolumentos que se ocasionen polo dictame do Colexio.

50. En caso de impugnación xudicial, agás do establecido na norma anterior, os dereitos e emolumentos serán pola conta do Letrado impugnado se a minuta for reducida en máis dun vinte por cento, e serán por conta do impugnante en caso contrario.

Sección Sexta

Da quenda de oficio e asistencia ó detido

Artigo 47. Os Letrados en exercicio asumen a obriga de defender de oficio ós que o solicitaren, acreditando ter concedida, ou cando menos promovida, a concesión do beneficio de pobreza, así como a de solicitar este beneficio.

Artigo 48. A mesma obriga asumen na xurisdicción penal se o interesado solicita o nomeamento de oficio ou non designa Avogado. Estarán tamén obrigados a presta-lo servizo de asistencia ó detido nos termos establecidos pola Lei.

Artigo 49. Para as causas graves haberá unha quenda especial entre os Letrados que leven máis de cinco anos no exercicio da profesión.

Consideraranse causas graves aquelas nas que a petición de pena sexa superior a seis anos.

Artigo 50. A defensa profesional de oficio e a asistencia ó detido só poderán escusarse por causa xustificada que apreciará a Xunta de Goberno. Terá a consideración de causa xustificada a pertenza á dita Xunta.

Artigo 51. Corresponde á Xunta de Goberno dicta-las normas para o reparto da quenda de oficio e mailas da de asistencia ó detido.

TÍTULO III

DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO COLEXIO. ESTRUCTURA E FUNCIÓNS

CAPÍTULO I

DA XUNTA DE GOBERNO

Sección Primeira

Da súa composición e das súas funcións

Artigo 52. O goberno deste Ilustre Colexio establécese sobre a base dunha ampla autonomía e será rexido por unha Xunta de Goberno constituída por un Decano, un Tesoureiro, Bibliotecario-Contador, un Secretario e cinco Deputados.

A Xunta de Goberno estará facultada para aumentar, se o considera oportuno, o número de Deputados ata o límite máximo establecido polo Estatuto Xeral, así como para desdobra-lo cargo de Bibliotecario-Contador nun Bibliotecario e un Contador.

Artigo 53. Son atribucións da Xunta de Goberno:

A) En relación co exercicio profesional:

11. Someter a referendo, por sufraxio secreto, asuntos concretos de interese colexial.

21. Resolver sobre a admisión dos Licenciados ou Doutores en Dereito que soliciten incorporarse ó Colexio, podendo delegar esta facultada no Decano, para casos de urxencia, que serán sometidos á ratificación da Xunta.

31. Velar por que os colexiados observen boa conduta con relación ós Tribunais, ós seus compañeiros, cos clientes, e que no desempeño da súa función demostre a súa competencia profesional.

41. Impedi-lo exercicio da profesión ós que, colexiados ou non, a exerceren de maneira ou en condicións contrarias ó orde legal establecido.

51. Persegui-los infractores do regulado no número anterior, así coma ás persoas, naturais ou xurídicas, que faciliten o devandito exercicio profesional irregular, exercitando fronte a estas tódalas accións xurisdiccionais que sexan precisas ou convenientes.

61. Adopta-los acordos que considere procedentes tocante á cantidade que deba pagar cada colexiado como dereitos de incorporación.

71- Determina-las cotas que deben paga-los colexiados en exercicio e as dos que non exerzan, para establece-las cargas e servizos colexiais.

81- Acordar, se o considera preciso, a imposición de cotas extraordinarias ós seus colexiados, con aprobación da Xunta Xeral.

91. Recada-lo importe das cotas e das pólizas establecidas para o mantemento das cargas do Colexio, do Consello Xeral e da Mutualidade Xeral de Previsión da Avogacía.

101- Regula-los honorarios dos Avogados nos casos previstos por estes Estatutos, e informar cando os Tribunais pidan o seu dictame consonte ó disposto polas Leis.

111. Convocar eleccións para cubri-los cargos da Xunta de Goberno.

121. Convocar xuntas ordinarias ou extraordinarias sinalando a orde do día para cada unha.

131. Exerce-las facultades disciplinarias no tocante ós colexiados.

141. Dicta-los regulamentos de orde interior que considere convenientes. Estes regulamentos precisarán, para a súa vixencia, a aprobación da Xunta Xeral.

151. Nomea-las Comisións ou Seccións de colexiados que foren precisas para o estudo das materias que poidan interesar ós fins da Corporación e á defensa e á promoción da Avogacía.

161. Velar por que no exercicio profesional se observen as condicións de dignidade e de prestixio que corresponden ó avogado, dispoñendo o que se precise o abeiro delas.

171. Informar con prontitude ós colexiados de tódalas cuestións que poidan afectalos, sexan de índole corporativa, colexial, profesional ou cultural, das que a Xunta de Goberno teña coñecemento no exercicio da súa función ou no dalgún dos seus membros ou representantes deles.

B) Tocante ós Tribunais de Xustiza:

Fomentar e afirma-las relacións de respectuosa cordialidade entre o Colexio e os seus colexiados e a Maxistratura.

C) Verbo dos Organismos oficiais:

11. Defender, cando o considere procedente e xusto, ós colexiados no desempeño das funcións da profesión ou con ocasión delas.

21. Promover perante o Goberno e as Autoridades canto considere beneficioso para o interese da comisión e máis para a recta e pronta administración da Xustiza.

31. Informar, de palabra ou por escrito, no nome do Colexio, en tódolos proxectos ou iniciativas das Cortes, do Goberno ou doutros Organismos requiran tal informe.

D) Verbo dos recursos económicos do Colexio:

11. Recadar, distribuír e administra-los fondos do Colexio.

21. Redacta-los orzamentos e rende-las contas anuais.

31. Propoñer á Xunta Xeral o investimento ou composición do patrimonio colexial, se se tratar de inmobles.

Artigo 54. A Xunta de Goberno queda facultada para emitir consultas e dictames, e para dictar arbitrxes e laudos.

Artigo 55. A Xunta de Goberno reunirase ordinariamente cando menos unha vez ó mes, sen prexuízo de facelo máis a miúdo cando a importancia dos asuntos o requira, ou o solicite a cuarta parte dos vocais.

Artigo 56. A convocatoria para as reunións da Xunta faraa o Secretario, previo o mandato do Decano, con tres días de antelación cando menos. Non poderán tratarse máis asuntos cós que consten na orde do día, agás os que o Decano considere urxentes. Os acordos da Xunta de Goberno adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes, e o Decano terá voto de calidade.

Artigo 57. A Xunta poderá crea-las Comisións que considere convenientes, que deberán, en todo caso, estaren presididas polo Decano ou polo membro da Xunta no que el delegue.

Tamén poderá acorda-la delegación da firma do Secretario, en cuestións non substanciais, noutro membro da Xunta.

Artigo 58. As agrupacións de Avogados Xoves, se se constituíren, actuarán subordinadas á Xunta de Goberno, que é á que lle corresponde autoriza-los seus Estatutos e as modificacións dos mesmos. As actuacións ou comunicacións destinadas a transcender fóra do Colexio pasarán pola Xunta de Goberno, que decidirá previamente sobre a súa pertinencia.

Artigo 59. Os impedimentos para formar parte da Xunta de Goberno son os enumerados no artigo 65 do Estatuto Xeral.

O Decano impedirá, baixo a súa responsabilidade, que entre a desempeñar un cargo na Xunta de Goberno, ou que siga desempeñándoo, un colexiado no que non concorran os requisitos estatutarios.

Artigo 60. Corresponderá ó Decano a representación oficial do Colexio en tódalas relacións deste cos poderes públicos, Entidades, Corporacións e persoeiros de calquera orde; exercerá as funcións de vixilancia e de corrección que os Estatutos reservan á súa autoridade; presidirá as Xuntas de Goberno e as xerais, e tódalas comisións e comités especiais ós que asista, dirixindo as discusións con voto de calidade en caso de empate.

Expedirá, ademais, os libramentos para a inversión dos fondos do Colexio e propoñerá os Avogados que deberán formar parte dos Tribunais de oposición entre os que reúnan as condicións necesarias para o caso.

Designará as quenadas de oficio, podendo delegar esta función no Secretario da Xunta de Goberno.

Ademais de todas estas atencións, esforzarase principalmente en manter con tódolos compañeiros unha relación asidua de protección e de consello, procurando que o seu celo constitúa unha alta tutela moral que ampare ós débiles e ós desatendidos, asesore ós inexpertos, encamiñe ós extraviados e corrixa ós teimosos, de tal xeito que a súa rectitude, severidade e afecto sexa exemplo para todos e encarnación da dignidade substancial dos que realicen funcións de xustiza.

Artigo 61. O Deputado primeiro ou Vicedecano levará a cabo todas aquelas funcións que lle confira o Decano, asumindo as deste en caso de ausencia, enfermidade,

abstención, recusación ou vacante.

No seu defecto, seguirase a orde sinalada no artigo seguinte.

E sen prexuízo de que o Decano poida dispoñer outra cousa, será poñente e terá como funcións en canto se refire ás relacións do Colexio cos Organismos do Estado, Autonómicos, da Provincia e do Concello, do Consello Xeral da Avogacía e Colexios de Avogados, e coordinará o control e a vixilancia do uso das pólizas regulamentarias.

Artigo 62. O Deputado Primeiro será o Vicedecano, e os demais Deputados serán tamén numerados, para substituíren por orde de categoría ó Decano nos casos previstos no artigo anterior.

Cando por calquera motivo estivese vacante definitivamente ou temporalmente o cargo de Secretario, Tesoureiro ou Bibliotecario-Contador, serán substituídos polos Deputados, empezando polo último, salvo acordo da Xunta de Goberno aducindo as circunstancias que concorran en cada caso.

Artigo 63. O Deputado Segundo será poñente e terá como función preferente canto se relacione coa quenda de oficio e asistencia ó detido, servicios que vixiará co meirande coído e, especialmente, que os designados cumpran debidamente a función que se lles asigna.

Artigo 64. O Deputado Terceiro será poñente e terá coma función preferente a promoción de actividades culturais do Colexio ou a organización das mesmas, así como a de conferencias e coloquios.

Será da súa incumbencia a organización das festas do Colexio e, xa que logo, as do Patrón, . San Raimundo de Peñafort.

Artigo 65. O Deputado Cuarto encargarse das funcións relacionadas coa Mutualidade e cos Seguros que o Colexio teña establecidos.

Artigo 66. O Deputado Quinto terá o seu cargo a confección e a actualización das Normas de Honorarios profesionais, así como propoñer á Xunta a resolución dos dictames que sobre honorarios foren solicitados da mesma polos Tribunais, os colexiados ou as partes en litixio.

Artigo 67. Correspóndenlle ó Secretario as funcións seguintes:

1. Redacta e dirixi-los oficios de citación para tódolos actos do Colexio, segundo as instrucións que reciba do Decano e coa debida antelación.
2. Redacta-las actas das Xuntas Xerais e as que celebre a Xunta de Goberno.
3. Leva-los libros que se precisen para o mellor e máis ordenado servizo, debendo existir obrigatoriamente aquel no que se anoten as correccións que se impoñan ós colexiados, así como o libro rexistro de títulos.
4. Recibir e dar conta ó Decano de tódalas solicitudes e comunicacións que se remitan ó Colexio.
5. Expedir co Visto e Prace do Decano as certificacións que se soliciten polos interesados.
6. Organizar e dirixi-las oficinas e ostenta-la xefatura de Persoal.
7. Levar un rexistro no que, por orde alfabética dos apelidos dos Colexiados, se consigne o historial destes dentro do Colexio.
8. Revisar cada ano as listas dos Avogados do Colexio, expresando a súa antigüidade e domicilio.
9. Ter ó seu cargo o arquivo e mailo selo do Colexio.

Artigo 68. Corresponde o Tesoureiro:

1. Materializa-la recadación e custodia-los fondos do Colexio.
2. Paga-los libramentos que expida o Decano.
3. Informar periodicamente á Xunta de Goberno da conta de ingresos e gastos e da marcha do orzamento, e formalizar anualmente as contas do exercicio económico vencido.
4. Redacta-los orzamentos anuais que a Xunta de Goberno teña que presentar para a aprobación da Xunta Xeral.
5. Ingresar e retirar fondos das contas bancarias conxuntamente co Decano.
6. Levar un inventario minucioso dos bens do Colexio, dos que será administrador.
7. Controla-la contabilidade e verifica-la Caixa.
8. Cobra-los intereses e as rendas do capital do Colexio.

Artigo 69. O Bibliotecario-Contador terá as obrigas seguintes:

1. Coida-la Biblioteca.
2. Formar e levar catálogos de obras.
3. Propoñe-la adquisición das que considere procedentes a fins corporativos.
4. Intervi-las operacións de Tesourería.

No caso de desdoblamento deste cargo, o Bibliotecario desempeñará as funcións previstas nos apartados 1, 2 e 3, e o Contador a do apartado 4.

Sección Segunda

Da elección

Artigo 70. Os cargos da Xunta de Goberno proveranse por elección, na que poderán participar tódolos Colexiados, en exercicio ou non, conforme ás normas que establece o presente Estatuto e, para canto non estea previsto nel, as do Estatuto Xeral.

Artigo 71. Os cargos da Xunta de Goberno proveranse entre Colexiados en exercicio, de nacionalidade española, residentes na demarcación do Colexio e que posúan a condición de electores. Serán elixilos por cinco anos e poderán ser reelixidos.

Para ser Decano do Colexio non serán precisos outros requisitos especiais.

Para os demais cargos esixíranse os seguintes mínimos de exercicio profesional:

-Para Deputado Primeiro, dez anos.

Para os demais membros da Xunta, dous anos.

Artigo 72. A elección dos membros da Xunta de Goberno será por votación directa e secreta dos Colexiados.

A Xunta de Goberno está facultada para arbitrar en cada elección a posibilidade do voto por correo e a garantía, autenticidade e segredo do mesmo.

Artigo 73. A elección para os cargos vacantes da Xunta de Goberno terá lugar na segunda Xunta Xeral ordinaria do Colexio, que deberá celebrarse calquera día do derradeiro trimestre de cada ano, aínda que a Xunta poderá convoca-las eleccións como acto separado daquela.

A convocatoria das eleccións faraa a Xunta de Goberno, e terán dereito de sufraxio activo os Colexiados en exercicio, a partir dos dous meses seguintes á súa incorporación ó Colexio, e os non exercintes que leven inscritos un ano, cando menos.

Artigo 74. Cando por calquera causa quedaren vacantes a totalidade ou a maioría dos cargos da Xunta de Goberno, rexerá o que dispón o artigo 77 do Estatuto Xeral.

Artigo 75. Os trámites a seguir ata a celebración do acto electoral serán os seguintes:

11. A convocatoria anunciarase con trinta días de antelación, cando menos, á data de celebración da elección.

21. Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria, a Secretaría cumprimentará os seguintes particulares:

A) Inserirase no taboleiro de anuncios a convocatoria electoral, na que deberán consta-los seguintes puntos:

a) Cargos que van ser obxecto da elección e requisitos, tanto de antigüidade coma de situación Colexial, esixidos para poder aspirar a cada un deles.

b) Día e hora de celebración da Xunta e hora de peche das urnas para comeza-lo escrutinio, segundo o regulado sobre o tema no presente estatuto.

B) Así mesmo, expoñeranse no taboleiro de anuncios do Colexio as listas separadas de Colexiados en exercicio e dos non exercintes con dereito a voto.

31. As candidaturas deberán presentarse na Secretaría do Colexio con quince días de antelación, cando menos a data sinalada para o acto electoral.

Tales candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos ou individuais para cargos determinados, debendo estaren subscritas exclusivamente polos propios candidatos.

Ningún Colexiado poderá ser candidato a máis dun cargo.

2.a) Os Colexiados que quixeren formular reclamación contra as listas de electores deberán facelo dentro do prazo de cinco días seguintes a exhibición das mesmas.

b) A Xunta de Goberno, se houber reclamacións contra as listas, resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas, notificando a súa resolución a cada reclamante dentro dos dous días seguintes.

3. A Xunta de Goberno, ó día seguinte ó remate do prazo de presentación de candidaturas, proclamará candidatos ós que reúnan os requisitos legais esixibles, considerando electos ós que non teñan opoñentes.

Seguidamente, publicarao no taboleiro de anuncios e comunicarllelos ós interesados, sen prexuízo de que o Colexio poida mandar tamén comunicacións individuais ós seus membros.

4. Tódolos prazos sinalados neste artigo e no precedente computaranse por días naturais.

Artigo 76. Para a celebración da elección e tralo cumprimento dos parágrafos primeiro e segundo da orde do día, constituirase a Mesa Electoral ós fins establecidos no punto terceiro da mesma orde. Esta Mesa quedará integrada polo Decano, como Presidente, ou por un membro da Xunta que o substitúa nese acto, auxiliado, como mínimo, por dous membros máis da propia Xunta, como vocais, actuando o máis moderno destes coma Secretario, se o titular non forma parte da Mesa.

Cada candidato poderá, pola súa parte, designar entre os Colexiados un ou varios interventores que o representen nas operacións da elección.

2. Na Mesa electoral deberá haber urnas separadas para o depósito dos votos dos Colexiados en exercicio e os non exercintes. As urnas deberán estar pechadas, deixando só unha fenda para deposita-los votos.
 3. Constituída a Mesa electoral, o Presidente indicará o comezo da votación e, a hora prevista para o remate, pecharanse as portas e só poderán vota-los Colexiados que xa estiveren na sala. Os membros da Mesa serán os derradeiros en votar.
 4. Para o desenvolvemento da elección darase un tempo mínimo de catro horas e máximo de seis, salvo que a Xunta na convocatoria sinala un prazo máis amplo.
 5. As papeletas de voto deberán ser brancas, do mesmo tamaño, e o Colexio deberá editalas. Levarán impresos nunha soa cara, correlativamente, os cargos que sexan obxecto da elección.
 6. Pola súa banda, os candidatos poderán facer papeletas, que terán que ser exactamente iguais ás editadas pola Xunta.
- Na sede onde se celebre a elección deberá a Xunta dispoñer dun número suficiente de papeletas cos nomes dos candidatos en branco.
- Artigo 77. Tocante ó xeito de face-la votación, ó de face-lo escrutinio e á actuación posterior, rexerán as normas establecidas nos artigos 80 e 81 do Estatuto Xeral.

Sección Terceira

Dos cesamentos

- Artigo 78. Os membros da Xunta de Goberno cesarán polas seguintes causas:
- a) Falta de concorrencia dos requisitos estatutarios para o desempeño do cargo.
 - b) Expiración do termo ou prazo para o que foron elixidos ou designados.
 - c) Renuncia do interesado.
 - d) Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas ou a cinco alternas no termo dun ano.
 - e) Aprobación de moción de censura, segundo o regulado no capítulo seguinte.

CAPÍTULO II

DAS XUNTAS XERAIS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

- Artigo 79. Tódolos Colexiados poderán asistir con voz e voto, agás as excepcións que se determinan no Estatuto Xeral, ás Xuntas Xerais Ordinarias e Extraordinarias.
- Artigo 80.1. As Xuntas Xerais deberán convocarse cunha antelación mínima de quince días, agás os casos de urxencia nos que, a xuízo do Decano, deba reducirse este prazo. A Convocatoria Inserirase no taboleiro de anuncios do Colexio, e expresará a orde do día.
2. Sen prexuízo do antedito, citarase tamén ós Colexiados por comunicación escrita na que tamén se inserirá a orde do día. Esta comunicación poderana facer indistintamente o Decano ou o Secretario; citación persoal que, no caso de convocatoria urxente, poderá substituírse pola publicación da mesma nos medios locais de comunicación.
- Artigo 81. Na segunda quincena do mes de Xaneiro celebrarase a primeira Xunta Xeral ordinaria de cada ano, precisamente conforme á seguinte Orde do día:
1. Relatorio que fará o Decano dos acontecementos máis importantes en relación co Colexio acaecidos durante o ano.
 2. Lectura, discusión e votación da conta xeral de ingresos e gastos do ano anterior.
 3. Lectura, discusión e votación dos dictames e propostas que se consignen na convocatoria.
 4. Rogos e preguntas.
 5. Toma de posesión, dado o caso, dos seus cargos respectivos polos membros da Xunta de Goberno elixidos, e cesamento daqueles ós que lles corresponda saír.
- O Consello Xeral, a petición razoada, poderá autoriza-la celebración anticipada, dentro do mesmo mes, desta primeira Xunta.
- Artigo 82. Trinta días antes da celebración da Xunta xeral ordinaria do mes de Xaneiro, os Colexiados poderán presenta-las propostas que desexen someter á deliberación e acordo do Colexio, e que serán incluídas pola Xunta de Goberno na sección da orde do día denominada Rogos e preguntas.
- Estas propostas deberán aparecer subscrias por un número de Colexiados non inferior ó 7 por cento do total do censo, cun mínimo, en todo caso, de dez.
- Ó darse lectura a estas propostas, a Xunta xeral acordará se procede ou non abri-la discusión sobre elas.
- Artigo 83. A segunda Xunta xeral ordinaria de cada ano celebrarase no derradeiro trimestre, conforme á seguinte orde do día:
1. Lectura e aprobación do orzamento feito pola Xunta de Goberno para o ano seguinte.
 2. Elección para cargos vacantes da Xunta de Goberno, se proceder.

Os que foren designados nesta elección para substituír ós que non tiveren esgotado o termo do seu mandato, ocuparán os cargos durante o tempo legal que lles faltase ós substituídos, pero poderán ser elixidos na renovación ordinaria de cargos.

Artigo 84.1. As Xuntas xerais extraordinarias celebraranse por iniciativa do Decano, da Xunta de Goberno ou a solicitude do 10 por cento dos colexiados en exercicio, con expresión dos asuntos concretos que se vaian tratar nelas.

2. Se o que se pretendese for un voto de censura contra a Xunta ou contra algún dos seus membros, a petición deberá ser subscrita cando menos polo 20 por 100 dos letrados en exercicio, expresando claramente as razóns en que se funda.

3. A Xunta deberá celebrarse no prazo de trinta días naturais contados desde o acordo do Decano ou da Xunta de Goberno, no primeiro caso, ou despois da presentación da solicitude, no segundo, e nunca poderán ser tratados na mesma máis asuntos cós expresados na convocatoria.

4. Só por resolución motivada e no caso de que a proposta estea fóra dos fins atribuídos á Corporación poderá denegarse a celebración da Xunta extraordinaria, sen prexuízo dos recursos que puidesen corresponder ós peticionarios.

Artigo 85.1. As Xuntas xerais celebraranse no día e á hora sinalados, calquera que sexa o número de colexiados concorrentes a elas, agás nos casos en que se esixa un quórum determinado. Os seus acordos tomaranse por maioría de votos emitidos, agás nos supostos en que estes Estatutos esixan quórum especial. O voto non será delegable en ningún caso.

2. Estes acordos serán obrigatorios para tódolos colexiados, sen prexuízo do que establece o artigo 94.

Artigo 86. As Xuntas xerais extraordinarias serán competentes para propoñe-la aprobación ou modificación deste Estatuto; autorizar á Xunta de Goberno para o alleamento de bens inmoables da Corporación; Aprobar ou censura-la actuación da Xunta de Goberno ou dos seus membros; formular peticións perante os poderes públicos conforme ás Leis, e para formular calquera outro tipo de proposta dentro do marco da legalidade vixente.

Artigo 87.1. Presidirá a Xunta o Decano, ou quen estatutariamente o substitúa.

2. Os acordos serán adoptados por votación secreta cando así o solicite o 10 por 100 dos colexiados asistentes. En calquera caso, o voto será secreto cando afecte a cuestión relativas ó decoro dos colexiados.

3. Non se poderán adoptar acordos sobre asuntos non incluídos na orde do día.

Artigo 88. A moción de censura só poderá promoverse en Xunta xeral extraordinaria convocada a tal fin cos requisitos especiais esixidos no artigo 84. A Xunta quedará constituída cando asista a metade máis un do censo de colexiados exercintes.

De haber este quórum, precisarase para que prospere o voto favorable, directo e persoal da metade máis un do censo dos colexiados en exercicio, e non será admisible o voto por correo.

Artigo 89. Para a modificación deste Estatuto precisarase o acordo dunha Xunta xeral extraordinaria, e no caso de que nela non haxa un quórum mínimo de asistencia do 50 por 100 de colexiados en exercicio, o tema deberá ser tratado noutra Xunta, tamén de carácter extraordinario, que poderá adoptar acordo por maioría simple e sen esixencia de quórum especial de asistencia.

CAPÍTULO III

Intercolexiación

Artigo 90. Este Ilustre Colexio de Avogados, sen prexuízo das súas propias competencias e personalidade e das do Consello Xeral, poderá crear vencellos de intercolexiación e mutua colaboración cos demais Colexios da xurisdicción de Galicia.

CAPÍTULO IV

DA EXECUCIÓN DOS ACORDOS E DOS LIBROS DE ACTAS

Artigo 91. Tanto os acordos da Xunta Xeral coma os da Xunta de Goberno serán inmediatamente executivos, salvo acordo motivado en contrario da propia Xunta.

Artigo 92. Levaranse obrigatoriamente dous libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á Xunta Xeral e á Xunta de Goberno.

Estas actas deberán estar asinadas polo Decano ou por que nas súas función presidir a Xunta e máis polo Secretario ou quen desempeñar as súas función nela.

TÍTULO IV

CAPÍTULO ÚNICO

DO RÉXIME XURÍDICO DOS ACTOS E DA SÚA IMPUGNACIÓN

Artigo 93..Contra os acordos da Xunta de Goberno poderase recorrer perante o Consello Xeral dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte

a aquel no que se adoptaren, ou, dado o caso, notificado ós colexiados ou as persoas ás que afecten.

O recurso presentarase perante a Xunta de Goberno que dictou o acordo, que deberá elevalo, cos seus antecedentes e cos informes que procedan, ó Consello Xeral dentro dos quince días seguintes á data de presentación.

O Consello Xeral, previos os informes que considere pertinentes, deberá dictar resolución expresa dentro dos dous meses seguintes.

Os acordos que afectaren a situacións persoais deberán ser notificados ós interesados.

Artigo 94. Os acordos das Xuntas xerais serán recorrible pola Xunta de Goberno, ou por calquera colexiado ó que afecten persoalmente, perante o Consello Xeral no prazo de quince días desde a adopción.

Se a Xunta de Goberno entender que o dito acordo é gravemente prexudicial para os intereses do Colexio ou contrario ó ordenamento xurídico poderá, no tempo de formula-lo recurso previsto no parágrafo anterior, suspender inmediatamente a execución do mesmo.

Artigo 95. Son nulos de pleno dereito os actos en que se dea algún dos supostos seguintes:

Os manifestamente opostos á Lei; os adoptados con notoria incompetencia; os de contido imposible ou constitutivos de delicto; os dictados prescindindo totalmente e absolutamente do procedemento legalmente establecido para iso, ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados..

En todo caso, a Xunta de Goberno deberá suspender os actos nulos de pleno dereito e formular recurso contra eles..

Artigo 96. Os actos emanados da Xunta de Goberno e da Xunta Xeral, así como do Consello Xeral en canto estean suxeitos ó Dereito administrativo, ó que estean esgotados os recursos corporativos, serán directamente recorribles perante a xurisdicción Contencioso-Administrativa.

TÍTULO V

DO RÉXIME DE RESPONSABILIDADE DOS COLEXIOS

CAPÍTULO ÚNICO

DAS RESPONSABILIDADES DOS COLEXIADOS

Sección Primeira

Responsabilidade Penal

Artigo 97. Os avogados están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos e faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

Artigo 98. O Colexio e, dado o caso, o Consello Xeral, exercerán as accións legais que foren procedentes por presuntos delitos de intrusións.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo de estimula-la adopción de calquera outra medida legal, gobernativa ou corporativa tendente a combater-lo intrusións profesional, que será reprimido de tódalas formas, sexa directamente ou por intermedio de Avogado, ou que proceda dunha persoa natural ou xurídica.

Sección Segunda

Responsabilidade Civil

Artigo 99. No seu exercicio profesional, os Avogados están suxeitos a responsabilidade civil cando por dolo ou negligencia danen os intereses dos que teñan encomendada a defensa, e só poderá ser reclamada polo prexudicado ou polos que o sucedan ou substitúan segundo as normas do Dereito privado, a non ser que vaia vencellada á responsabilidade criminal.

A responsabilidade civil consistirá na indemnización, ó cargo do Avogado, dos danos e perdas causados , e a súa reclamación axustarase as disposicións da Lei de Axuízamento Civil, agás que se esixa conxuntamente coa penal por razón de delicto ou falta.

Artigo 100. O Avogado que reciba o encargo de promover accións de calquera clase contra outro sobre responsabilidades relacionadas co exercicio profesional deberá acudir previamente ó Decano do Colexio, por se este considera oportuno realizar un labor de mediación.

Sección Terceira

Responsabilidade disciplinaria

Artigo 101. Os Avogados están ademais suxeitos á responsabilidade disciplinaria en caso de infracción dos seus deberes profesionais.

Artigo 102. As facultades disciplinarias da Autoridade xudicial sobre os Avogados axustaranse ó que dispoñen as Leis procesuais, e faranse constar no expediente

persoal do colexiado as sancións e as correccións disciplinarias que lle foren impostas, agás no caso en que a Xunta de Goberno non o considere procedente. As sancións disciplinarias corporativas faranse constar en todo caso no expediente persoal do colexiado.

Artigo 103. O Decano e a Xunta de Goberno son competentes para o exercicio da xurisdicción disciplinaria, aténdose as seguintes normas:

1. Estenderase á sanción da infracción de deberes profesionais ou normas éticas de conducta no tocante á profesión.
2. Declararase previa formación do expediente seguido polos trámites que se especifiquen no Regulamento de Procedemento Disciplinario, agás por faltas leves.
3. Comprenderá como correccións as seguintes:
 - a) Apercibimento por escrito.
 - b) Reprensión privada.
 - c) Suspensión do exercicio da Avogacía por un prazo non superior a dous anos.
 - d) Expulsión do Colexio.

Artigo 104. O acordo de suspensión por máis de seis meses ou o de expulsión deberá ser tomado exclusivamente pola Xunta de Goberno, mediante votación secreta e coa conformidade das dúas terceiras partes dos membros que a compoñen.

A esta sesión están obrigados a asistir tódolos que compoñen a Xunta.

O que sen causa xustificada non concorrese, deixará de pertencer ó órgano rector do Colexio, sen que poida ser nomeado outra vez vocal da Xunta na elección en que se cubra a súa vacante.

Artigo 105. Se o acordo se referise a algún dos membros da Xunta, coñecerá do expediente o Consello Xeral da Avogacía.

Artigo 106. As faltas que poidan levar emparellada unha sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 107. Faltas moi graves. Son faltas moi graves:

- a) A infracción das prohibicións contidas no parágrafo 21 do artigo 26 e do artigo 27 do presente Estatuto.
- b) A prestación de servizos profesionais con incumprimento dos requisitos especificados no artigo 30, e calquera outra infracción que nos presentes Estatutos tiver a cualificación de falta moi grave.
- c) As accións ou as omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión ou as regras éticas que a gobernan.
- d) O atentado contra a dignidade ou contra a honra das persoas que constitúen a Xunta de Goberno cando actúan no exercicio das súas funcións; e contra os demais compañeiros con ocasión do exercicio profesional.
- e) A comisión de delitos dolosos, calquera que sexa o seu grao de participación, como consecuencia do exercicio profesional.
- f) A embriaguez ou a toxicomanía habitual que afecte gravemente ó exercicio da profesión.
- g) A realización de actividades, a constitución de asociacións ou a pertenza a elas cando teñan coma fins ou realicen funcións que sexan propias do Colexio, ou de calquera maneira interfiran nelas.
- h) A reiteración en falta grave.
- i) O intrusións profesional e o seu encubrimento.
- j) Cando sobre o colexiado recaer condena en sentenza firme por feito gravemente afrontoso.
- k) A comisión de infraccións que, polo seu número ou pola súa gravidade, resulten moralmente incompatibles co exercicio da Avogacía.

Artigo 108. Faltas graves. Son faltas graves:

- a) o incumprimento grave das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polo Consello Xeral ou polo Colexio, salvo que constituía falta de maior entidade.
- b) A falta de respecto, por acción ou por omisión, ós compoñentes da Xunta de Goberno cando actúen no exercicio das súas funcións.
- c) Os actos de desconsideración manifesta cara ós compañeiros no exercicio da actividade profesional.
- d) A competencia desleal.
- e) Os actos ou as omisións descritos nos apartados a), b), c) e d) do artigo anterior, cando non tiveren entidade suficiente para seren considerados coma moi graves.
- f) A embriaguez con ocasión do exercicio profesional.

Artigo 109. Faltas leves. Son faltas leves:

- a) A falta de respecto ós membros da Xunta de Goberno no exercicio das súas funcións, cando non constituía falta grave ou moi grave.
- b) A negligencia no cumprimento das normas Estatutarias.
- c) A infracción leve dos deberes que impón a profesión.

d) Os actos enumerados no artigo anterior, cando non tiveren entidade suficiente para seren considerados coma graves.

Artigo 110. Sancións. As sancións que poden impoñerse son:

1. Por faltas moi graves:

a) para os apartados b), c), d), e), f), g), h) e i) do artigo 107, suspensión do exercicio da Avogacía por un prazo superior a tres meses sen exceder de dous anos.

b) Para os apartados a), j) e k), expulsión do Colexio.

2. Por faltas graves: Suspensión do exercicio da Avogacía por un período non superior a tres meses.

3. Por faltas leves:

a) Apercibimento por escrito.

b) Reprensión privada.

Artigo 111. A sanción polas faltas leves impoñerá a Xunta de Goberno e, no seu nome, o Decano do Colexio, sen necesidade de expediente previo e trala audiencia ou descargo do inculpado.

Artigo 112. As faltas graves e moi graves serán sancionadas pola Xunta de Goberno trala apertura de expediente disciplinario, tramitado conforme ó Regulamento de Procedemento Disciplinario, e, de non existir este, estarase o que dispoñen as normas de procedemento sancionador contidas na Lei de Procedemento Administrativo.

A Xunta de Goberno e o Decano poderán delega-las facultades de instrución de expediente disciplinario e de proposta de resolución nun órgano que se poida dar a tal fin; pero o acordo de imposición de sanción corresponderá, en todo caso, á Xunta de Goberno, que deberá remitir ó Consello Xeral da Avogacía testemuño dos acordos de condena nos expedientes sobre responsabilidade disciplinaria por faltas graves ou moi graves.

As sancións levarán emparellado o efecto correspondente a cada corrección; a súa imposición notificarase pola Secretaría, e contra ela poderase recorrer na forma e cos efectos previstos no artigo 93.

Artigo 113. As faltas determinantes de sanción disciplinaria corporativa prescribirán, se foren leves, ós tres meses; se foren graves, ó ano; e se foren moi graves, ós dous anos dos feitos que as motivaran.

Artigo 114. Os sancionados poderán pedi-la súa rehabilitación, coa conseguinte cancelación da nota do seu expediente persoal, nos seguintes prazos, contados desde o cumprimento da sanción:

a) Se for por falta leve, ós seis meses.

b) Se for por falta grave, ós dous anos.

c) Se for por falta moi grave, ós catro anos.

d) Se consistir en expulsión, o prazo sería de cinco anos.

Artigo 115. A rehabilitación solicitarase da Xunta de Goberno que acordou a sanción, e, no caso de expulsión, deberán presentarse probas da rectificación da conducta, que serán apreciadas ponderadamente polos que teñan que xulgar no ámbito corporativo, en calquera dos seus trámites; estes levaranse a cabo da mesma maneira que para o axuizamento e para a sanción das faltas, e con iguais recursos.

A Xunta de Goberno remitirá ó Consello Xeral da Avogacía testemuño das súas resolucións nos expedientes de rehabilitación nos que coñeza.

TÍTULO VI

DOS RECURSOS ECONÓMICOS DO COLEXIO

CAPÍTULO I

Sección Primeira

Recursos ordinarios

Artigo 116. Constitúen recursos ordinarios do Colexio:

a) Os rendementos de calquera clase que produzan os bens ou dereitos que forman o patrimonio do Colexio.

b) Os dereitos de incorporación ó Colexio fixados pola Xunta de Goberno de acordo co disposto no artigo 53-A, 61.

c) Os dereitos polos informes que emita a Xunta e nas regulacións de honorarios, tanto xudiciais coma extraxudiciais, e máis polos dictames ou resolucións que se lle solicitaren.

Os informes solicitados extraxudicialmente polos colexiados sobre os seus propios honorarios pagarán o 2% do importe da minuta, e cando sexan solicitados polos Tribunais ou polas partes interesadas, o 3%.

d) O importe das cotas ordinarias e extraordinarias, derramas e pólizas colexiais

establecidas por este Colexio.

e) Os dereitos por validacións de poderes, por aceptación de defensa de causas criminais, por intervención profesional en asuntos nos que , non houber validacións de poder e en xurisdicións nas que non sexa preceptiva a intervención de Procurador.

f) A participación que lle corresponda ó Colexio nas vendas de pólizas substitutivas do papel profesional da Mutualidade Xeral da Previsión da Avogacía, para os seus fins específicos.

g) Os dereitos por expedición de certificacións.

h) Calquera outro concepto que legalmente proceda.

Sección Segunda

Recursos Extraordinarios

Artigo 117. Os recursos extraordinarios do Colexio estarán constituídos por:

a) As subvencións e donativos que o Estado ou as Corporacións oficiais, Entidades ou particulares lle concedan ó Colexio.

b) Os bens mobles de todas clases que por herdanza ou por outro título calquera pasen a formar parte do patrimonio do Colexio.

c) As cantidades que por calquera concepto concreto lle corresponda percibir ó Colexio cando administre, en cumprimento dalgún encargo temporal ou perpetuo, cultural ou benéfico, determinados bens e rendas.

d) Calquera outro que legalmente proceder..

Artigo 118. A Xunta de Goberno está facultada para realiza-las inspeccións que considere precisas para a vixilancia do uso de pólizas nas actuacións xudiciais, e poderá designar persoas que fagan ese labor, que podería mesmo ser remunerado.

Artigo 119. O colexiado que incumprir a obriga de poñer as pólizas nos casos e nas contías establecidos, pagará o seu importe e un cincuenta por cento máis se, invitado a facelo, o fixer nun prazo de vinte días.

Pasado ese prazo sen que o levase a efecto, poderá ser dado de baixa por un tempo de tres meses, que será prolongado mentres non pague o importe das pólizas en descuberto, sen prexuízo de que este lle poida ser esixido xudicialmente.

CAPÍTULO II

DA CUSTODIA, INVERSIÓN E ADMINISTRACIÓN

Sección Primeira

Da custodia e inversión

Artigo 120. O capital do Colexio investirase preferentemente en valores de toda garantía, salvo que, en casos especiais, a xuízo da Xunta de Goberno, se acordase a inversión en inmobles ou noutros bens.

Os valores depositaranse na Entidade que a Xunta de Goberno acorde, e os resgardos do depósito custodiaranse na Caixa do Colexio, baixo a persoal e inmediata responsabilidade do Tesoureiro.

O Colexio non poderá delegar noutra persoa que non sexa o Tesoureiro a administración e os cobros das súas fontes de ingresos.

Sección Segunda

Da administración do patrimonio Colexial

Artigo 121. O patrimonio do Colexio será administrado pola Xunta de Goberno.

O Decano exercerá as funcións de ordenador de pagamentos, e as súas ordes serán executadas polo Tesoureiro e intervidas polo Contador.

Artigo 122. Os colexiados, en número superior o cinco por cento do censo poderán formular petición concreta e precisa sobre calquera dato relativo ó exercicio económico; e as contas do Colexio poderán ser examinadas no período que transcorra entre a convocatoria e corenta e oito horas antes da sinalada para a celebración da primeira Xunta Xeral ordinaria de Xaneiro.

TÍTULO VII

CAPÍTULO ÚNICO

Dos empregados do Colexio

Artigo 123. A Xunta de Goberno procederá á designación dos empregados administrativos, auxiliares e subalternos precisos para a boa marcha da Corporación.

TÍTULO VIII

CAPÍTULO ÚNICO

Honras

Artigo 124. Créase o título de Decano Honorario, que será conferido pola Xunta Xeral, a proposta da Xunta de Goberno ou de vinte Colexiados.

O título terá carácter vitalicio, e o que o ostente terá dereito, nos actos públicos, a usar toga cos símbolos que distinguen ó Decano, e a ocupar un sitio preferente a continuación deste.

Artigo 125. Tamén se crea o Título de Colexiado de Honra, que poderá serlle concedido pola Xunta Xeral a persoas que, tendo a condición de Licenciado en Dereito, teñan prestado servizos relevantes a este Ilustre Colexio.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Primeira. O establecido nestes Estatutos entenderase sen prexuízo do que de acordo coa Constitución e transferencia de funcións, corresponda establecer lexitimamente á Xunta de Galicia en materias da súa competencia.

Segunda. Os presentes Estatutos entrarán en vigor ó que sexan aprobados polo Consello Xeral da Avogacía Española.

Este proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 1983, para sometelo á Xunta Xeral e elevalo, despois de ser referendado por esta, ó Consello Xeral da Avogacía Española.

A Xunta Xeral Extraordinaria celebrada no día de hoxe aprobou por unanimidade este proxecto de Estatutos.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1983.

O Secretario,

Visto e praxe: o Decano,

Dilixencia: Esténdoa eu, o Secretario, para facer constar que este Consello Xeral, en sesión celebrada o día 17 de xuño de 1983, e coa salvidade que non poderá entenderse que o proposto no presente Estatuto modifica ou derroga o contido do Estatuto Xeral da Avogacía, que terá en todo caso prevalencia, e as súas normas serán sempre aplicables tanto no caso eventual de haber contradicción entre a normativa deste Estatuto particular co Xeral coma naqueles outros nos que, por non teren levado ó Estatuto Particular normas do Xeral, haxa materias deste que non estean contempladas naquel, e neses casos entenderase que é aplicable a normativa do Estatuto Xeral na súa propia literalidade, aprobou o presente Estatuto para réxime e goberno do Ilustre Colexio de Avogados de SANTIAGO DE COMPOSTELA. Madrid, a trinta de xuño de mil novecentos oitenta e tres.